

EXERCICIOS DO SUBSTANTIVO

1) Ponlles a estes substantivos un adxectivo variable.

Arte	Nariz	Café
Dote	Cárcere	Auga
Sinal	Ponte	Leite
Cor	Dor	Legume
Aguia	Mel	Garaxe
Árbore	Labor	Sangue

2) Achégalles a estes nomes femininos o seu correspondente masculino:

Egua	Femia	Crúa
Sandía	Grúa	Galiña
Irmá	Nora	Vacúa
Ovella	Condesa	Tsarina
Sogra	Xudía	Vaca

3) Colócalles a estes nomes en masculino o seu correspondente feminino:

Heroe	Capitán	Compadre
Padriño	Rapaz	Actor
Sultán	Mestre	Alemán
Louzán	Barón	Vilán
Toleirón	Rei	Intérprete
Solteirón	Can	Frade

4) Busca os colectivos de:

Conxunto de barcos de guerra dun país:
Conxunto de santos:
Grupo de montañas:
Cancións dun grupo musical:
Grupo de illas próximas as unhas ás outras:
Grupo de abellas:
Conxunto de velas dun barco:
Conxunto de ósos do corpo:

5) Busca o individual destes colectivos:

Carballeira:	Larada:	Grea:
Souto:	Coro:	Setestrello:
Acio:	Restra:	
Exército:	Recua:	

6) Reescribe correctamente este texto inzado de erros:

“Onte pola noite dous gardas civís arrestaron ao mozo acusado de agredir á irmán da súa moza. Tras unha forte discusión de orixe descoñecido, o mozo arousano bateulle á vítima na nariz cunha tixola e fuxiu atravesando o ponte da cidade en dirección sur. Os vecinos, alarmados polos berros, alertaron ás autoridades que comenzaron a búsqueda de inmediato. Esta ta-

refa alongouse durante varios días, percorrendo pensións e hoteles ata que foi atopado finalmente en Portugal. Afortunadamente, nestes momentos xa se atopa recluído na cárcere da Lama gracias ás amables colaboración de cidadáns galegos e portugueses”.

7) Le atentamente o seguinte texto de Risco:

“Don Celidonio é gordo e artrítico. O carrolo sáelle para fóra; na calva ten unha que outra seria; ten as fazulas hipertrofiadas, da cor do magro do xamón e tan lustrosas, que semella que botan unto derretido; as nádegas e o bandullo vánselle un pouco para baixo.

O lardo rezúmalle por todo o corpo, e no verán súao en pingotas bastas como as que deitan os chourizos cando están no fumeiro.

Así como é graxento o corpo, tamén o miolo de don Celidonio. Se lle escachasen a testa, que tiña que ser con pauferro e picaraña, en lugar dunha sesada habían atopar un unto. Corpo e alma, tanto ten, todo é graxa e manteiga. Don Celidonio é igual por dentro ca por fóra: carne e espírito son a mesma zorza, misturada e revolea, co mesmo adubo de ourego e pemento.”

Busca os dous campos semánticos máis importantes do texto:

8) Escribe a familia léxica de:

BOCA:

ORELLA:

LEI:

PAI:

VIDA:

9) Sinala que clase de palabras son, atendendo aos morfemas que as compoñen (simples, compostas, derivadas ou parasintéticas). No caso de que non sexan simples, busca a palabra primitiva da que derivan:

LUAR

TERMÓMETRO

PREDISPOR

ATERRAR

MOBLAXE

AMARELADO

TIRARROLLAS

ENLATAR

PARAUGUEIRO

LIBREIRO

PENSAMENTO
CHOCOLATE

ENGAIOLAR
LAVALOUZA

10) Explica o significado de cada unha das palabras desta lista e agrúpaas en parellas de sinónimos:

LAIARSE
NUGALLÁN
ROCHEDO
BOLBORETA
MERCAR
ARRANXAR
DERRUÍR
ESVARAR
PORTUGUÉS
AGREGAR
AMOLECER
AMÑAR
QUEIXARSE
PREGUICEIRO
ABRANDAR
CADALEITO
PAXARELA
ATREVERSE
ENGUEDELLAR
ACHAR

TEMPA
HABITUARSE
ATOPAR
ENGADIR
CAL
PENEDO
COMPRAR
AFACERSE
FÓSFORO
DERRUBAR
OUSAR
SEN
ATAÚDE
APESTAR
CANLE
ENSARILLAR
LUSO
MISTO
FEDER
ESCORREGAR

13) Di cal é o trazo ou trazos semánticos que diferencian cada parella:

ÚLTIMO / DERRADEIRO
SONO / SOÑO
ESCADA / ESCALEIRA

SOLO / CHAN
MENCIÑA / MEDICINA
MIRAR / VER

14) Repara nos erros, explica de que fenómeno se trata en cada caso e reescribe as secuencias en galego normativo:

- No río da aldea vin unha arrán certa mañán de vran.
- Ti dis que iste home é mui inorante porque non sabe lere nin escribir.
- Non sei quenes eran esos homes que andiveron preguntando por ti todo o día.
- Or berros que dabas causaban a ademiración dor veciños.

- Il empezou a falar cuando ti marchaches, pero non nos dixo nada do teu irmao.

15) Propón termos galegos para as formas destacadas en negriña:

- Saíu da perruquería con outro **look**.
- Mercaches unha ropa moi **chic**.
- Non lembro cal é o enderezo do **e-mail** de María.
- No **pub** descargaron un **container** con botellas de auga mineral.
- Deixamos o coche no **parking** e entramos no **shopping**.

16) Constrúe un enunciado con cada un dos significados dos termos que figuran nas seguintes parellas e razoa se se trata de palabras homónimas ou términos polisémicos:

- PRENDER (deter) / PRENDER (acender)
- PREGAR (rogar) / PREGAR (dobrar)
- PENA (rocha) / PENA (mágoa)
- CORTE (residencia real) / CORTE (dependencia para o gando)

17) Pon o contrario de:

- | | | |
|------------|---------------|------------|
| - DENTRO | - VENDER | - DEFENDER |
| - ABSOLUTO | - COÑECER | |
| - ALLEO | - ENFERMIDADE | |

18) Explica o significado de cada unha das seguintes palabras e di que tipo de relación semántica existe entre os dous termos de cada parella:

BOTAR / VOTAR

OSO / ÓSO

CADEIRA / CADEIRA

RABO/RAVO

BANCO / BANCO

BOU/VOU

COXA / COXA

HABANO/ABANO

VEN / VEN

FORA/ FÓRA